

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2016 pola que se convocan unhas xornadas sobre as novas leis de procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2016 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócanse unhas xornadas sobre As novas leis de procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

As presentes xornadas estarán dedicadas ao estudo e análise das reformas do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común operadas polas novas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

– A reforma do procedemento administrativo: a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– A reforma da organización administrativa: significado e principais novidades da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

– O réxime xurídico dos actos administrativos e dos recursos na nova Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– O autismo do lexislador: a nova regulación da potestade sancionadora na Administración.

– Novidades en materia de administración electrónica introducidas nas novas leis.

– A elaboración das normas e a garantía da calidade normativa.



3. Destinatarios.

Persoal ao servizo das administracións públicas, estatal, autonómica ou local, así como dos seus entes instrumentais, persoal ao servizo da Administración de xustiza, xuristas, profesionais, docentes, universitarios e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, salón de actos. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Datas: 8 e 9 de xuño de 2016.

Horario: de mañá.

Duración: 10 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>.

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 6 de xuño de 2016, ás 23.00 horas.

Poderá obterse calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41/54 62 39.

7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento destas xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final das xornadas expedirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula/>), a aquelas persoas inscritas



que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluírá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización das xornadas, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: bsubz1z0-q1i2-ak60-xjw2-pznr0edk1uc1

